



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,
CP: 15316
Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE ABRIL DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000083

ANTECEDENTES:

Tendo en conta a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno acordada na sesión organizativa celebrada o 30 de xuño de 2023, a sesión ordinaria do mes de marzo debería celebrarse o segundo xoves do mes. Porén, a vacante producida no posto de Secretaría-Intervención dende o 7 ao 20 de marzo, impediu a celebración desta sesión na data indicada.

O 20 de marzo de 2026 tomou posesión a titular do posto, María Cristina Varela García, ao serlle adxudicado por Resolución do 13 de Febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Administración Pública, pola que se resolve o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a persoal funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional (BOE Nº 42 DO 17.02.2026).

O Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Coiros (BOP nº 21 do 02.02.2010) regula o funcionamento do Pleno na Sección 1ª do Título III, artigos 22 a 48.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, consonte o disposto no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación para o xoves 9 de abril de 2026 ás 21.00 horas, coa seguinte

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. *Aprobación ope legis dos borradores das actas das sesións anteriores, celebradas o 10 de xullo de 2025, 11 de setembro de 2025, 29 de setembro de 2025, 13 de novembro de 2025, 19 de novembro de 2025, 19 de decembro de 2025, 26 de decembro de 2025, 15 de xaneiro de 2026 e 3 de febreiro de 2026.*

2º. *Aprobación do Regulamento polo que se desenvolve o réxime de control interno simplificado do Concello de Coiros. Expte. 2026/G013/000001.*

B) Sección de control

3º. *Dación de conta das resolucións da Alcaldía-Presidencia.*

4º. *Informes da Alcaldía-Presidencia.*

5º. *Mocións*



Dirección: Lugar Coiros de Arriba, 16,

CP: 15316

Concello: Coiros, A Coruña, La
Coruña

Teléfono: 981 79 64 14

5.1. *Moción para promover a creación dun centro de día para persoas maiores e dependentes do Concello de Coiros, presentada polo BNG.*

5.2. *Moción pola dinamización da aula da natureza de Chelo, presentada polo BNG.*

5.3. *Moción para conseguir avanzar en igualdade real e efectiva fronte ao rearmamento do machismo, presentada polo BNG.*

5.4. *Moción para promover o arranxo do camiño e da fonte da Cal e do río do Mar d'Óis, presentada polo BNG.*

5.5. *Moción presentada pola Plataforma Cidadá "Comarca de Betanzos con Palestina".*

6º. *Rogos e preguntas*

Segundo.- Notificar a convocatoria da sesión aos membros da Corporación e remitirles a documentación a través do correo electrónico.

En Concello de Coiros, luns 6 de abril de 2026

O Alcalde/Presidente

Francisco Quintela Requeijo